

GUÍA DOCENTE DE SEGUNDO **INSTRUMENTO I-IV (GAITA)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO PRINCIPAL I-II (GAITA)										
ESPECIALIDADE	Produción e xestión							ITINERARIO	---	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	0'5h.
ECTS/CUAD.	1'5	1'5	1'5	1'5					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Para o primeiro cuadrimestre sen requisitos previos, e para os seguintes, coñecementos e destrezas adquiridas no cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Acadar o nivel técnico que permita ao alumno tocar as obras adecuadas ao repertorio deste curso.	X19, T13, X1, X3, X13, EPX5
2. Coñecer e adecuar as súas interpretacións ás convencións estilísticas de cada estilo.	X11, EPX5
3. Valorar a importancia da constancia no estudo como medio indispensable para desenvolver as destrezas propias dun intérprete.	X8, X24, T1, T3, X6,
4. Acadar un nivel de autoescoita e autocrítica coma medios para controlar a calidade da súa execución e para progresar como intérprete.	T6, T15, X21, EPX5



4. CONTIDOS

Colocación do instrumento. Control muscular. Adquisición de hábitos de estudo correctos.

Técnica instrumental.

Repertorio tradicional

Repertorio de autor

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes	Presencial	Regular
Pescuda de información	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias	Non presencial	Esporádica
Titorías	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación:	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*